

Edificio Xerencia  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel: 986 812 000 xerencia.uvigo.es  
Fax: 986 812 060 xerencia@uvigo.es  
Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Salida Nº. 201300009337  
24/05/13 13:04:05

**Asunto: supresión dos días adicionais de vacacións por antigüidade**

Antes as preguntas recibidas sobre a vixencia do disposto no artigo 75.2. do Capítulo V, Licenzas, Vacacións e Permisos do Decreto legislativo 1/2008, polo que se publica o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, a Xerencia da Universidade de Vigo informa do seguinte:

1.- As consolidacións de textos legais realizadas por distintas empresas cuxo obxecto empresarial son as publicacións xurídicas non teñen valor xurídico. Nen sequera o teñen as consolidacións realizadas pola Agencia Estatal Boletín Oficial del Estado, tal como consta nos textos consolidados publicados pola mesma.

2.- A redacción actual do Estatuto Básico do Empregado Público sinala:

*“Artículo 50. Vacaciones de los funcionarios públicos.*

*Los funcionarios públicos tendrán derecho a disfrutar, durante cada año natural, de unas vacaciones retribuidas de veintidós días hábiles, o de los días que correspondan proporcionalmente si el tiempo de servicio durante el año fue menor.”*

*“A los efectos de lo previsto en el presente artículo, no se considerarán como días hábiles los sábados, sin perjuicio de las adaptaciones que se establezcan para los horarios especiales.”*

3.- A normativa legal galega sobre función pública ten carácter subsidiario para o persoal de administración e servizos das universidades públicas galegas, pero incluso no referente á vixencia do precepto normativo citado nas preguntas formuladas á Xerencia, o mesmo non é sequera aplicado ao persoal directamente dependente da administración autonómica tal e como queda plasmado na Resolución do 12 de marzo de 2013, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 20 de marzo de 2013), na que sobre as vacacións anuais dise:

*“Quinta. Vacacións anuais*

*As vacacións anuais retribuídas do persoal terán unha duración de vinte e dous días hábiles por ano completo de servizos, ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos. Para estes efectos non se considerarán como días hábiles os sábados, sen prexuízo das adaptacións que se establezan para os horarios especiais.”*

En vista do dito anteriormente esta Xerencia informa que como consecuencia do marco legal actual non se concederán días adicionais de vacacións por antigüidade.

Vigo, 24 de maio de 2013

O vicexerente de Recursos Humanos



  
Emilio M. Martínez Rivas

XEFES/AS DE SERVIZO  
ADMINISTRADORES/AS DE CENTRO/CAMPUS  
DIRECTOR BIBLIOTECA  
DIRECTOR ÁREA TIC  
COORDINADORA DA UNIDADE DE ESTUDOS E PROGRAMAS  
COORDINADORA DA SECRETARÍA XERAL  
RESPONSABLES OFICINAS, ÁREAS E UNIDADES